

Nadal do Señor (B)

EVANXEO

Misa de media noite

+ Lucas 2,1-14

Saíu daquela un decreto do emperador Augusto, ordenando o empadramento de todo o mundo. Foi o primeiro censo que se fixo; por entón era Quirino gobernador de Siria. E todos, en cadansúa cidade, fóronse empadroar.

Tamén subiu Xosé desde Galilea, da vila de Nazaret, ata Xudea, á vila de David chamada Belén, pois pertencía á casa e familia de David, para empadroarse con María, a súa muller, que estaba embarazada. E resultou que, estando alí, chegoulle o tempo do parto, e deu á luz o seu fillo primoxénito. Envolveuno nuns capizos e deitouno nunha manxadoira, na corte das bestas, porque dentro da pousada non había lugar para eles.

Había naquela comarca uns pastores que pasaban a noite ó descuberto vixiando o seu rabaño. Presentóuselles un anxo do Señor, e a gloria do Señor rodeounos co seu resplandor. Eles levaron un gran susto. Pero o anxo díxolles:

-Non vos asustedes, que vos veño anunciar unha boa nova: vai haber unha gran alegría para todo o pobo. Hoxe na vila de David naceuvos un Salvador, o Mesías, Señor. Este é o sinal: atoparedes unha criatura envurullada e deitada nunha manxadoira, nunha corte.

E, de súpeto, arredor do anxo apareceu unha multitude do exército celestial, que louvaba a Deus dicindo:

-¡Gloria a Deus no ceo

e na terra paz ós homes

que gozan do seu amor!

Palabra de Deus.

Misa do día

+ Xoán 1,1-18

No principio existía a Palabra,
e a Palabra estaba onda Deus,

e a Palabra era Deus.

Ela estaba no principio onda Deus.

Todo foi feito por ela,
e sen ela non se fixo
nada do que foi feito.

Nela estaba a vida,
e a vida era a luz dos homes;
a luz aluma na tebra,
e a tebra non a deu apagado.

Houbo un home
mandado por Deus:
o seu nome era Xoán.

Este veu de testemuña
para dar testemuño da luz,
para que todos cresen por el.

Non era el a luz,
senón que veu para dar testemuño da luz.

(A Palabra) era a verdadeira luz
que aluma a todo home
que vén a este mundo.

Ela estaba no mundo,
e o mundo foi feito por ela,
pero o mundo non a recoñeceu.

Veu á súa propiedade,
e os seus non a acolleron.

Pero a cantos a recibiron,
-ós que cren no seu nome-
déulle-lo poder
de seren fillos de Deus.

Estes, non naceron do sangue,
nin da vontade da carne,
senón de Deus.

E a Palavra fíxose carne,
e plantou entre nós a súa tenda,
e nós vimos a súa gloria,
gloria coma de Unixénito
que vén do Pai,
cheo de graza e de verdade.

Xoán dá testemuño del,
exclamando:

Este évos de quen eu dixen:

"O que vén detrás miña,
pasa diante miña,
pois existía primeiro ca min".

E da súa abundancia
recibimos todos nós
graza e máis graza.

Pois a Lei deuse
por medio de Moisés;
a graza e a verdade
realizáronse por Xesús Cristo.

A Deus ninguén o viu;
o Unixénito, que está no seo do Pai,
foi quen nolo revelou.

Palabra de Deus.

HOMILIA

25 de decembro de 2017
Lc 2,1-14 (Misa do Galo)

NUN PRESEBE

(Ver ciclohomilía B - 2011-2012)

José Antonio Pagola
Tradutor: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

25 de decembro de 2014

O ROSTRO HUMANO DE DEUS

(Véxase homilía 2008/12/25)

José Antonio Pagola

Tradutor: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

25 de decembro de 2011

Lc 2,1-14 (Misa do Galo)

NUN PRESEBE

Segundo o relato de Lucas, é a mensaxe do Anxo aos pastores a que nos ofrece as claves para ler dende a fe o misterio que se encerra nun neno nacido en estrañas circunstancias nos arredores de Belén.

É noite pecha. Unha claridade descoñecida ilumina as tebras que cobren Belén. A luz non descende sobre o lugar onde se atopa o neno, senón que envolve aos pastores que escoitan a mensaxe. O neno fica oculto na escuridade, nun lugar descoñecido. É necesario facer un esforzo para descubri-lo.

Estas son as primeiras palabras que temos de escoitar: «Non teñades medo. Tráiovos a Boa Noticia: a alegría grande para todo o pobo». É algo moi grande o que sucedeu. Todos temos motivo para alegrarnos. Ese neno non é de María e Xosé. Naceunos a todos. Non é solo duns privilexiados. É para toda a xente.

Os cristiáns non temos de acaparar estas festas. Xesús é dos que o seguen con fe e dos que o esqueceron, de quen confía en Deus e dos que dubidan de todo. Ninguén está só fronte aos seus medos. Ninguén está só na súa soidade. Hai Alguén que pensa en nós.

Así o proclama o mensaxeiro: «Hoxe naceuvos un Salvador: o Mesías, o Señor». Non é o fillo do emperador Augusto, dominador do mundo, celebrado como salvador e portador da paz grazas ao poder das súas lexión. O nacemento dun poderoso non é boa noticia nun mundo onde os débiles son vítima de toda clase de abusos.

Este neno nace nun pobo sometido ao Imperio. Non ten cidadanía romana. Ninguén espera en Roma o seu nacemento. Pero é o Salvador que necesitamos. Non estará ao servizo de ningún César. Non traballará para ningún imperio. Solo buscará o reino de Deus e a súa xustiza. Vivirá para facer a vida máis humana. Nel atopará este mundo inxusto a salvación de Deus.

Onde está este neno? Como o podemos recoñecer? Así di o mensaxeiro: «Aquí tedes o sinal: atoparedes un neno envolvido en cueiros e deitado nun presebe». O neno naceu como un excluído. Os seus pais non lle puideron atopar un lugar acolledor. A súa nai deunos a luz sen axuda de ninguén. Ela mesma se valeu, como ben puido, para envolvelo en cueiros e deitalo nun presebe.

Neste presebe comeza Deus a súa aventura entre os homes. Non o atoparemos nos poderosos senón nos débiles. Non está no grande e espectacular senón no pobre e pequeno. Temos de escoitar a mensaxe: vaíamos a Belén; volvamos ás raíces da nosa fe. Busquemos a Deus onde se encarnou.

José Antonio Pagola
Traduciu: Xaquín Campo

HOMILIA

25 de decembro de 2008

O ROSTRO HUMANO DE DEUS

O cuarto evanxeo comeza cun prólogo moi especial. É unha especie de himno que, desde os primeiros séculos, axudou decisivamente aos cristiáns a afondar no misterio encerrado en Xesús. Si escoitámolo con fe sinxela, tamén hoxe nos pode axudar a crermos en Xesús de xeito máis profundo. Só nos detemos nalgúñas afirmacións centrais.

«A Palabra de Deus fíxose carne». Deus non é mudo. Non permaneceu calado, encerrado para sempre no seu Misterio. Deus quíxosenos comunicar. Quixo falarnos, dicirnos o seu amor, explicarnos o seu proxecto. Xesús é sinxelamente o Proxecto de Deus feito carne.

Deus non se nos comunicou por medio de conceptos e doutrinas sublimes que só poden entenderen os doutos. A súa Palabra encarnouse na vida entrañábel de Xesús, para que o poidan entenderen ata os máis sinxelos, os que saben conmoverse ante a bondade, o amor e a verdade que se encerra na súa vida.

Esta Palabra de Deus «acampou entre nós». desapareceron as distancias. Deus fíxose «carne». Habita entre nós. Para atopármonos con el, non temos que saírmos fóra do mundo,

senón achegármonos a Xesús. Para coñecelo, non hai que estudar teoloxía, senón sintonizar con Xesús, comulgar con el.

«A Deus ninguén o viu xamais». Os profetas, os sacerdotes, os mestres da lei falaban moito de Deus, pero ningún vira o seu rostro. O mesmo sucede hoxe entre nós: na Igrexa falamos moito de Deus, pero ninguén o temos visto. Só Xesús, «o Fillo de Deus, que está no seo do Pai é quen o deu a coñecer».

Non o temos de esquecer. Só Xesús nos contou como é Deus. Só el é a fonte para achegármonos ao seu Misterio. Cantas ideas raquíticas e pouco humanas de Deus temos de desaprendermos e esquecer para deixármonos atraer e seducir por ese Deus que se nos revela en Xesús.

Como cambia todo cando un capta por fin que Xesús é o rostro humano de Deus. Todo se fai máis simple e máis claro. Agora sabemos como nos mira Deus cando sufrimos, como nos busca cando nos perdemos, como nos entende e perdoo cando o negamos. Nel revélasenos «a graza e a verdade» de Deus.

José Antonio Pagola

Tradutor: Xaquín Campo Freire

Blog: <http://sopelakoeliza.blogspot.com>
<http://iglesiadesopelana.blogspot.com>

José Antonio Pagola Itxaldiaren Bideoak ikusteko:
<http://iglesiadesopelana3v.blogspot.com>